

COMPRESIÓN LECTORA

AS BURGAS

As burgas son uns mananciais de augas termais que se localizan na cidade de Ourense. Deles brotan unhas augas a unha temperatura entre 64 e 68º C, cun caudal de 300 litros por minuto. Estas augas son aplicables a diferentes tipos de problemas de pel.

A orixe do nome das burgas non está moi clara. Seica provén do latín burca, que quere dicir "pía", en alusión aos baños utilizados polos romanos como balnearios.

Son tres mananciais:

A burga de arriba, a máis antiga, de estilo popular e pertencente ao século XVII.

A burga do medio, de estilo moderno.

A burga de abaixo, de estilo neoclásico, século XIX, con dous canos laterais e unha pía labrada no centro con outro cano.

Como dato curioso podemos comentar que antigamente as paisanas usaban a fonte para escaldar os polos e quitarlles así as plumas de forma máis doada.

Tampouco está clara a orixe destes mananciais: unha lenda di que nacen debaixo da capela do Santo Cristo, na catedral, e outra di que son causadas por un volcán en repouso que está na base do Montealegre e que nalgún momento podería chegar a estoupar.

Xunto coa catedral e a ponte romana, son un dos símbolos da capital ourensá, á que se lle deu en chamar "Cidade das burgas"

1. De que trata o texto?
2. Que é auga termal?
3. Seica a palabra burga vén do latín burca. Que significa?
4. Cantas burgas hai, cales son e cal delas é a máis antiga?
5. Antigamente, para que ían as paisanas ás burgas?
6. Cales son os tres símbolos da "Cidade das burgas"?

•Segundo o xornal **Galicia Hoxe**, acaba de ser descuberto un novo satélite de Saturno.

.....

• **O Dr. Henríquez** foi nomeado director do **Hospital Xeral**.

| | | |

.....

•Onte vin na **TVG** o capítulo **XIV** de *Pratos combinados*.

| | | |

.....

•Querida **Paula**: Escríboche esta postal desde **Alemaña**...

| | | |

.....

• **A** comezos do século **XX** fundouse a **Real Academia Galega**.

| | | |

.....

2. Completa os ocos destas oracións con letras en maiúscula ou minúscula segundo conveña.

- Reunireime conde. ás doce en punto naraza dauintana.
- Como ves ti ese problema?ensas que o resolveremos antes doadal?
- Oresidente daunta reunirase mañá coaelegada doindicatoabregoalego.
- As miñas clases nascolaficial dediomas comezan enutubro.
- Acabo de lernillón deacas deanuelivas e gustoume moito.
- Saímos d....oruña no veleiro con rumboeste e chegamos ata asllasisargas.
- Onde se puido meter Carne?,ría á praia?,airía de compras?